



**Grupo Municipal
RIBEIRA**

ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa necesidade de **elaborar unha ordenanza reguladora da limpeza de terreos e solares en chan urbano e de núcleo rural na que se recollan as medidas preventivas de cara a evitar os riscos e a insalubridade nas contornas destas zonas.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española no seu artigo 45 dispón que *todos teñen dereito a disfrutar dun Medio Ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, coa finalidade de protexer a melloral calidade de vida e defender e restaurar o Medio Ambiente apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.*

A protección do Medio Ambiente constitúe por tanto unha necesidade social que as Administración Públicas, e en especial os Concellos como Administración máis próxima ao cidadán, deben tutelar en todas as súas vertentes.

Por todo o Concello de Ribeira hai un grande número de propiedades en estado de abandono, facendo das contornas lugares insalubres onde cada vez é mais difícil que os veciños e veciñas vivan sen preocupación polos focos de infección e contaminación.

Esta ordenanza tería natureza de ordenanza de policía urbana e rural ao mesmo tempo que garantiría a prevención da contaminación, non ligadas a directrices de planeamento concreto, por estar referida a aspectos de salubridade de seguridade e puramente técnicos.

Os propietarios de toda clase de terreos e construcións deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino e de acordo coas normas de protección ao Medio Ambiente, ao Patrimonio Histórico e da rehabilitación, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixo, residuos sólidos urbanos ou entullos e broza.

Será obxecto da normativa contida nesta ordenanza a regulación xeral, dentro do marco das competencias atribuídas ao Concello, de todas as actuacións dirixidas a conseguir as axeitadas condicións de limpeza e hixiene urbana mediante a limpeza dos espazos públicos e privados así como a recolleita, transporte e eliminación de residuos.

Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de núcleos urbanos os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación directa (Plan Xeral de

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA



**Grupo Municipal
RIBEIRA**

Ordenación Municipal) clasifiquen como tales os que reúnan as condicións que sinala o artigo 11 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de Decembro, e seguintes.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

ACORDO:

Que por parte do Goberno Municipal se proceda á elaboración dunha ordenanza reguladora da limpeza de terreos e solares en chan urbano e de núcleo rural onde se recollan as medidas preventivas de cara a evitar o risco e a insalubridade destas zonas.

Ribeira, 13 de xaneiro de 2010

Asdo.: Anxeles González Crujeiras